



CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) E A ASOCIACIÓN CLUSTER SAÚDE DE GALICIA, CSG, CO FIN DE ACOLLER BOLSEIRO/AS PARA A ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS PROFESIONAIS EN MATERIA DE INTERNACIONALIZACIÓN EMPRESARIAL

En Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, Dna. Covadonga Toca Carús, en representación do Instituto Galego de Promoción Económica (Igappe), con CIF Q 6550010J e domicilio en Complexo Administrativo de San Lázaro s/n 15703 Santiago de Compostela. (A Coruña). Está facultada para este acto en virtude da delegación de facultades, recollida na Resolución do 18 de setembro de 2023 (DOG núm. 184, do 27 de setembro de 2023).

E doutra parte, Dna. María Rocío Mosquera Álvarez, na súa condición de presidenta da Asociación Clúster Saúde de Galicia, CSG (en adiante CSG) con NIF G70308143 e sede na Avenida Fernando de Casas Novoa, núm. 37, edificio CNL, Portal A-B, 1o andar, San Lázaro, 15707 Santiago de Compostela (A Coruña), actuando en representación desta en uso das atribucións que lle confire o artigo 12 dos Estatutos desta entidade e en virtude da aceptación do cargo de presidenta da data 29.06.2023.

As partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica suficiente,

EXPOÑEN

1.- Que mediante Resolución da Dirección Xeral do Igappe do 11 de xuño de 2024 publicáronse as bases reguladoras do Programa de adquisición de competencias profesionais en materia de internacionalización empresarial e procedeuse á súa convocatoria para o ano 2024 en réxime de concorrencia competitiva (DOG nº 120, do 21 de xuño).

2.- Que estas bases regulan a concesión dun máximo de 50 bolsas de formación práctica -no ámbito da internacionalización empresarial- para realizar labores de investigación de mercados, estudo de empresas e a súa planificación para internacionalización e para investigación das posibilidades de cooperación internacional entre empresas galegas e estranxeiras.

3. - Que os posibles destinos dos bolseiro/as indicados nas bases son: oficinas de Igappe e Xunta, oficinas comerciais de España no exterior, cámaras de comercio españolas no estranxeiro, organismos multilaterais, organismos intermedios galegos, centros de investigación, empresas e/ou outros organismos en Galicia ou no estranxeiro.

4.- Que ambas organizacións coinciden no interese de colaborar en accións que faciliten o acceso das empresas a novos mercados, a formación de persoal especializado en internacionalización, e acceso das empresas galegas a profesionais con este perfil.



5.- Que, convido aos lexítimos intereses dos comparecentes, acordan regular a dita colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-

É obxecto do presente convenio regular as relacións de colaboración entre o Igape e CSG para a acollida dun bolseiro/a da convocatoria do Programa de adquisición de competencias profesionais en materia de internacionalización empresarial.

SEGUNDA.-

A duración inicial da bolsa no organismo de acollida é de 11 meses e, a data de comezo estímase durante o mes de xaneiro de 2025. A dita duración poderá ser prorrogada polo Igape por un período máximo de once meses adicionais en consideración á conveniencia de finalizar ou completar unha etapa da formación que xa estivesen comezadas ou a piques de comezar na data de finalización da bolsa, sempre e cando CSG acepte a prolongación da estadía.

A dotación da bolsa será pagada integramente polo Igape ao bolseiro/a, e inclúe todos os impostos de carácter persoal así como a Seguridade Social. O Igape non aboará ningunha cantidade á entidade colaboradora. No caso de que das tarefas encomendadas polo organismo se incurra noutros gastos non cubertos polas bases reguladoras do programa, estes gastos serán por conta do organismo.

O Igape asignará o bolseiro/a a CSG tendo en conta a puntuación final obtida polo bolseiro/a na resolución definitiva, o seu nivel de idiomas en relación ao destino en cuestión e o perfil do candidato en relación có devandito destino.

O Igape poderá substituír ao bolseiro/a no caso de renuncia do bolseiro/a anterior ou por cambio de destino por causa xustificada.

TERCEIRA.-

A colaboración de CSG consistirá en:

- A execución, dentro do horario laboral, do plan de formación plantexado por CSG, que se une como anexo ao presente convenio.
- A realización, a través do(s) titor(es) proposto(s) e que se indica no anexo ao presente convenio, do seguimento da actividade desenvolta polo bolseiro/a dentro do programa de formación establecida, e a provisión do asesoramento necesario para o seu correcto desenvolvemento e integración.
- A realización e envío ao Igape de informes acumulados trimestrais de execución e resultados do programa de formación, así como o informe final.
- Permitir a execución por parte do bolseiro/a de tarefas complementarias que o Igape lle poida asignar así como a participación en reunións, seminarios ou similares aos que o bolseiro/a sexa convocado polo Igape, sendo neses casos por conta do Igape os gastos de



desprazamento, que se aboarán directamente ao bolseiro/a como parte da dotación da bolsa.

- A posta a disposición das instalacións e os medios apropiados para o desenvolvemento da bolsa.
- A inclusión do bolseiro/a no plan de prevención de riscos de CSG, asegurándose de que é coñecedor do dito(s) plan(s).
- O bolseiro/a deberá cumprir co réxime de ordenamento interno de CSG.
- Subministrar toda a información necesaria para que o Igape poida dar cumprimento ás obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obriga serán as establecidas no artigo 4.4 da devandita lei.

CUARTA.-

As actividades do beneficiario serán en todo caso formativas, sen que en ningún suposto poida ostentar a condición de responsable, nin tan sequera de facto, da execución de calquera tipo de actividade. O bolseiro/a deberá estar en todo momento supervisado e controlado polo titor que se lle designe, que será quen adopte calquera decisión que se considere necesaria e vele porque o beneficiario aproveite con éxito o proceso de formación.

Os dereitos e obrigas establecidas en virtude do presente convenio de colaboración non presupoñen relación laboral nin de servizos entre CSG e o bolseiro/a.

QUINTA.-

A entrada en vigor do convenio será desde a data efectiva de incorporación do bolseiro/a a CSG. A súa duración será de dous anos podendo prorrogarse por once meses adicionais se existe conformidade ao respecto polas dúas partes.

SEXTA.-

As controversias que puidesen xurdir da interpretación do presente convenio resolveranse por unha Comisión Mixta constituída por un representante designado por cada unha das partes e presidida pola directora xeral do Igape, a cal se reunirá a convocatoria de calquera dos seus membros, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa e correspondendo contra os mesmos recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados de Santiago de Compostela.

SÉTIMA.-

As partes poderán modificar ou resolver o presente convenio en calquera momento por mutuo acordo. Así mesmo, poderán denunciar o presente convenio en calquera momento por vontade expresa de calquera das partes cun preaviso de quince días naturais.

A entidade colaboradora someterase aos mecanismos de inspección e de control que o Igape considere convintes, vinculadas ás actividades formativas dos beneficiarios en relación coa bolsa concedida

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, cos efectos que legalmente procedan.

OITAVA.-



CSG consente expresamente a inclusión dos datos persoais e relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición respecto do contido dos rexistros antes citados ante a Dirección Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica, sito no Complexo Administrativo de San Lázaro s/n, 15703 Santiago de Compostela.

NOVENA.-

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese polas súas propias cláusulas e no disposto por elas, polas normas de Dereito Público español, isto é, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e demais normas subsidiarias.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose as partes ao acordado en tódalas estipulacións, e como proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio o 8 de xaneiro de 2025.

Polo IGAPE

Polo CSG

Asdo.: Covadonga Toca Carús

Asdo.: María Rocío Mosquera Álvarez



NOME TITOR BOLSEIRO/A:	Iván Rarís Filgueira
MERCADOS DE INTERESE:	Alemaña, China, Colombia, Dinamarca, Reino Unido, Polonia, Perú, Holanda, México, Países Baixos, Marrocos, Irlanda, Panamá, Francia, Rumanía, Singapur, Xapón, Sudáfrica, Suecia, Finlandia, Estados Unidos, Emiratos Árabes Unidos, Arabia Saudí, Italia, principalmente, pero non exclusivamente.
ACCIONS INTERNACIONALIZACIÓN PREVISTAS 2025:	<p>Prevese accións de continuidade das nosas misións realizadas en 2024.</p> <p>Xa se está preparando unha misión directa a Reino Unido para o primeiro trimestre de 2025 e unha misión inversa dunha delegación de Estados Unidos para o primeiro semestre de 2025.</p> <p>Tamén se avalia unha misión directa para algún mercado latinoamericano (México) durante o segundo semestre de 2025.</p> <p>Con Dinamarca, Reino Unido, Portugal, Suecia, Rumanía, Grecia e Eslovenia, están previstas accións de busca de socios para proxectos de colaboración europeos.</p> <p>Como coordinadores da rexión de Galicia dentro da rede de ecosistemas sanitarios ECHAlliance, participamos activamente en eventos e reunións internacionais da rede.</p> <p>As nosas accións de internacionalización son principalmente misións directas ou indirectas co obxectivo de internacionalizar a innovación sanitaria do noso tecido empresarial e aperturar así novos mercados ás nosas empresas.</p> <p>Non descartamos a posibilidade de realizar outro tipo de accións internacionais como a participación en feiras, foros ou obradoiros de innovación.</p>
PLAN DE TRABALLO E TAREFAS DO BOLSEIRO/A:	<p>O xerente do CSG, Iván Rarís Filgueira, será a titor do interno e informaraa do seu funcionamento e especialmente da súa liña de internacionalización. O xerente apoiará en todo momento á bolseiro/a nas súas tarefas.</p> <p>As principais tarefas, que non son únicas, do bolseiro/a serán:</p> <ul style="list-style-type: none">• Participación activa no desenvolvemento do plan estratéxico do CSG 2024-2028, con especial dedicación á liña de internacionalización.• Preparación e xustificación das convocatorias para financiar accións de internacionalización do CSG a nivel rexional, nacional e europeo.• Apoio ao xerente na preparación e execución de accións de internacionalización.



	<ul style="list-style-type: none">• Participación en reunións de equipos nas redes internacionais TIM e ECHAlliance• Elaboración de informes de actividade• Colaboración co xerente na actualización da información dos socios e visitas de seguimento.• Asistencia ao xerente nas reunións do Consello de Administración, sempre que o órgano de goberno do CSG o considere oportuno. <p>Se se xera unha nova tarefa non mencionada anteriormente, o xestor discutirá co concesionario a natureza da nova acción para chegar a un acordo sobre a súa participación.</p>
--	---